



EXCMO. CONCELLO  
DE  
**BAIONA**  
(PONTEVEDRA)

ACTA DA SESION ORDINARIA CELEBRADA POLO  
PLENO DO CONCELLO  
O DIA 3 DE ABRIL DE 2008

ALCALDE: D. Jesús Vazquez Almuiña

CONCELLEIROS: D. Angel Manuel Rodal Almuiña  
Dña.Rosa Ana Marcote Guillén  
Dña. Maria de los Angeles Silva Gonzalez  
Dña.Maria Iglesias Fernández  
Dña.Ana Simons Sánchez  
D.Jose Rodríguez Trigo  
Dña.Maria Jesús Martíns Passos

D. Manuel R. Vilar Marquez

D. Rafael Lores Rosal  
Dña. Teresa Perez Vieira  
Dña.Laura Miguez Pérez  
D.Manuel Rafael Estévez González  
D. Manuel A. Gonzalez Marcote  
Dna.Emilia Giráldez Ramirez

D. Xose Enrique Fernández Fernández  
Dña Ana Maria Rodríguez Fernández

SECRETARIA: Dña.Susana Gallardo Fariña

INTERVENTORA: Dña.Rosa del Riego Santos

---

Na Casa Consistorial de Baiona, a tres de abril de dous mil oito, reúnen-se os señores ditos enriba, co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Pleno do Concello en primeira convocatoria.

Sendo as doce horas o Sr.Alcalde-Presidente declara aberta a sesión, pasándose ó tratamento dos asuntos contidos na Orde do Día.

**1.-APROBACION ACTAS ANTERIORES: 6 e 14 DE MARZO DE 2008.**

O Sr.Alcalde pregunta ós concelleiros se teñen alegacións que facer ás seguintes actas:

- ACTA DO 6 DE MARZO DE 2008.- Non producíndose, fica aprobada por unanimidade.

- ACTA DO 14 DE MARZO DE 2008.- Prodúcense as seguintes intervencións:

SR.FERNANDEZ, BNG.- Na acta do 14 de marzo, páx.14, 5º parágrafo, cando eu falaba da Plaza de Abastos, dí: "Vostedes teñen que erradicar a venta ambulante neste Concello, e non potenciála comprándolle mercancía ós vendedores ambulantes", eu dixen "*O goberno* debe de erradicar a venta ambulante neste Concello e non potenciála comprándolle mercancía ós vendedores ambulantes e iso é competencia desleal para os comerciantes da Plaza de Abastos". Dixen "*O goberno.*", non "*Vostedes...*".



EXCMO. CONCELLO

DE

**B A I O N A**

(PONTEVEDRA)

SR.ALCALDE.- Se comprobará na grabación.

Feita dita alegación, fica aprobada por unanimidade a acta correspondente ó 14 de marzo de 2008.

**O Sr.Alcalde comenta que dado o significado especial do punto 5º, altérase á orde de tratamento dos puntos da Orde do Día, pasando o punto 5º a tratarse como punto 2º.**

SR.FERNANDEZ, BNG.- ¿Porqué motivo se cambia a orde?.

SR.ALCALDE.- Simplemente por darlle máis importancia a este tema, entendemos que é fundamental.

## **2.-APROBACION, SE PROCEDE, DA PROPOSTA DA CORPORACION DE DESIGNACION DA GLORIETA DO XENERAL SANTOS PERALBA.**

O Sr. Alcalde cede a palabra ó Sr. Rodal, PP, quen procede á lectura da seguinte:

### **PROPOSTA DA CORPORACION MUNICIPAL**

Tralo recente falecemento do Xeneral José Santos Peralba Giráldez, veciño desta Vila e en recoñecemento dos méritos acadados durante a toda súa vida, e que damos a coñecer a continuación:

Naceu un 31 de decembro do ano 1923, na Parroquia de Santa Cristina, ingresou no Exército como soldado recluta de Infantería en abril de 1944. En xullo do ano 1945 entrou na AGA fomando parte da 1ª Promoción, que inauguraba o Centro. Tras realiza-los cursos de Voo sen motor, que entonces requeríase e ca correspondente estancia na Academia de León, completaba a formación iniciada en San Javier sendo nomeado Teniente en 1949, continuando alí como profesor de voo, destino que mantivo tralo seu ascenso a Capitán en 1951. Pionero dos reactores se incorpora á recen creada escola de reactores en Talavera a Real, donde recibe o ascenso a Comandante en Xuño de 1957.

Despois de realizar diversos cursos en varios puntos do mundo pasa a formar parte da Xefatura das FF.AA. na Ala 11 (Manises) e é nomeado Teniente Coronel no ano 1969.

Recibe un novo traslado no ano 1976 sendo ascendido ese mesmo ano, e coincidindo co seu cumpleanos, a Coronel, adquirindo a Xefatura do Escuadrón de Mirage F-1. Nomeado General de Brigada no ano 1979. En setembro do mesmo ano, Curso de Defensa no Royal Collage. Jefatura do E.M. do Mando Aéreo de Combate. En 1982, Segundo Xefe do EM do Aire e Representante da JUJEM no Comité Militar da OTAN, ata seu nomeamento como Subsecretario de Política de defensa.

Finalmente no ano 1984, é nomeado Xefe do Estado maior do Aire. Cuarto Militar da S.M. o Rei.

O 16 de Xaneiro do ano 1984, o Sr. Santos Peralba e nomeado “Fillo Predilecto” do Excmo Concello de Baiona, por acordo unánime do compoñentes do Pleno do Concello.

Por todo o cal, A Corporación Municipal propón ó Pleno do Concello:

Que, dada a gran traxectoria do Xeneral Santos Peralba, recoñecendo os méritos militares de tan Ilustre aviador Baionés, sendo un gran orgullo para esta Vila de donde é natural e que tantas veces fixo de embaixador do noso pobo, dando a coñecer por tódolos rincóns de mundo.

**PROPONSE O PLENO:**



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

**Adicar unha rúa do noso rueiro, máis concretamente unha glorieta, que levaría o seu nome na Parroquia de Santa Cristina, de donde él era nativo, denominada “Glorieta do Xeneral Santos Peralba”.**

-----

CONTINUA.- Hai unha petición por parte do Exército do Aire, creen máis adecuado que sexa “Glorieta do Xeneral do Aire Santos Peralba”.

Despois de leer este magnífico e intachable historial militar do Xeneral Peralba pouco queda por dicir; si quería comentar que tódalas persoas que o coñeceron a fondo decían que era unha persoa sencilla, modesta, unha persoa á que lle encantaba estar con seus veciños e amigos polas rúas do noso pobo, que obviamente tivo que deixar a súa terra pola súa formación académica, pero en tódolos lugares do mundo onde él estivo sempre recordou e botou en falta a súa terra; polo que comenta a xente sempre que tiña un rato libre, un fin de semana, ou vacacións, viña a súa casa natal, e tamén moitas veces nos saudaba dende o ceo cando pasaba por encima de nós co seu avión.

Dicir que realmente o Xeneral Peralba era un enamorado da aviación, un amante dos avións, unha persoa intrepida, foi o primer piloto da aviación española en superar a velocidade math2, e por todo isto, polo seu historial realmente impecable, dende o equipo de goberno creemos un orgullo poder concederlle o nome seu a unha glorieta, e non a unha glorieta calquera, senón á glorieta máis próxima a súa casa natal. Mais adelante contamos con diseñar e adecuar esa glorieta con algún elemento simbólico, significativo da aviación, para que así cando a xente discurra por alí ou rodee a glorieta poida recordar dunha maneira máis entranable a este ilustre aviador e tamén fillo predilecto de Baiona. Moitísimas gracias.

SR.ALCALDE.- Creo que Angel confundíuse cando falou de “proposta do equipo de goberno” porque ésta é unha proposta de toda a Corporación, trátase dunha confusión. A petición de sinalar “Xeneral do Aire” ven dado por un tema de protocolo xa que podería haber confusión en canto a que alguén podería pensar que fora Xeneral doutro Exército, polo cal si estamos todos dacordo sería: “Glorieta do Xeneral do Aire Santos Peralba”.

SR.LORES, PSOE.- Por parte do grupo socialista apuntarnos tamén a este recoñecemento do noso Fillo predilecto; xa quedou expresado polo Sr.Rodal o recoñecemento de toda a Corporación e o seu curriculum; abondar, se cabe, nese espacio de tempo tan complicado e tan decisivo que foi para a democracia española, posto que foi nos primeiros anos da democracia onde o noso veciño tivo cargos de responsabilidade importantes, xustamente neses momentos era cando facía falta esa templanza e que as decisións foran moi pensadas, moi consensuadas, era complicado aquel momento do inicio da democracia, e este veciño noso estaba nos lugares onde se decidía aquela transición dende o lado máis complicado que era o Exército, e supo manterse, e tamén supo deixarnos a todos unha boa herencia e un bó recordo. Polo tanto dende o grupo socialista estamos totalmente a favor e moi contentos con este recoñecemento.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Creo que en poucas ocasións se dá que un veciño dunha Vila pequena como Baiona alcance unha categoría na súa profesión como a deste Teniente Xeneral, neste caso, de Aviación; moitas veces cando vamos por calquer recuncho do Val Miñor vemos fontes, rúas e plazas, a nome dun Alférez, ou Capitán, canto menos a do Teniente Xeneral, pero dende o BNG queremos facer fincapé nunha cuestión que para nós é moitísimo máis importante: este home que foi Xeneral, no seu día apostou, cando foi o 23 F, pola parte da democracia, se inclinou no seu traballo militar, cando naquel momento era ao mellor máis fácil pasarse para o outro lado, él inclinouse rotundamente pola parte democrática, para nós iso é un valor importante.

Outra cuestión importante para nós é que pode ser Teniente Xeneral, pode ser o que haxa sido, pero sobre todo e por encima de todo foi un gran veciño e unha persoa moi querida por tódolos veciños de Sabarís. Para nós é un orgullo ter unha persoa desta índole no noso pobo e dende logo que a rotonda, chámese como se chame, para os veciños de Sabarís vai a ser a rotonda de *Cholo*, e vai a ser así



EXCMO. CONCELO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

porque en Sabarís *Cholo* era o aviador, e o vai a seguir sendo, sexa Teniente Xeneral, ou sexa como sexa; á sua familia, ós seus fillos, á sua muller, para nós foi unha tristeza o seu falecemento, estabamos moi orgullosos, e o vamos a seguir estando, de que este home haxa nacido en Sabarís e polo tanto nós, aparte de participar na moción, estamos satisfeitos de que se lle poña unha rotonda a este gran señor.

SR.VILAR, CMÑ.- Estamos completamente de acordo con todo o que aquí se dixo pero especialmente porque é o recoñecemento para un Fillo predilecto de Baiona que no seu momento tivo cargos de responsabilidade na cúpula militar e apostou por mantér a democracia en España en momentos moi complicados, como se apuntou antes; nos parece que é unha distinción correcta.

Decir que que na Moción habería que corrixir unha frase para que quedara "O 16 de xaneiro do ano 1984, o Sr.Santos Peralba é nomeado Xefe do Estado maior do Aire, e *posteriormente* foi nomeado Xefe do Cuarto Militar da S.A. O Rei", son nomeamentos distintos, primeiro foi Xefe do Estado maior e con posterioridade foi nomeado Xefe do Cuarto Militar da S.A. O Rei, que por certo na miña época de Alcalde tiveron ocasión de ser recibido por él cando desempeñaba ese cargo e xugou un papel importante no protagonismo histórico de Baiona no V Centenario do Descubrimento de América.

E un home cun gran prestixio dentro do que é a cúpula militar e dentro do que é o Exército Español, incluso falamos dél estes días en Palos de la Frontera co Almirante Xefe da Armada Española, que é a máxima Autoridade que presidiu alí os actos, e tiña un recoñecemento especial a Santos Peralba, por certo, a Marina tamén sentíase moi orgullosa de que se foxe a nomear unha rotonda co seu nome.

Pola nosa parte nos gustaría de que aparte desta Moción se fixeran as xestións, aínda que creo que xa van nesa liña, co Exército do Aire, para procurar adornar esa rotonda con algúns elementos significativos da aviación, que parece ser, como nos comentaba o Alcalde, que o Exército do Aire está disposto a ceder; todo o que se faga é máis que merecido. Pola nosa parte, como non podía ser doutro xeito, apoiamos totalmente esta designación da rotonda adicándolla a Xose Santos Peralba. Moitas grazas.

SR.ALCALDE.- Quero aproveitar esta ocasión para leer unha carta que me dirixiron fai uns días a familia, concretamente asinada por Joaquín Peralba, pero en nome de toda a familia.

Dí así: *"Querido Alcalde: Te escribo estas lineas en nombre y representación de la familia Peralba. Todavía impresionados por el torrente de afecto y cariño recibido por el pueblo de Baiona y Sabarís, no queríamos dejar pasar la oportunidad sin agradecer tu presencia y apoyo en estos momentos tan difíciles para nosotros. A buen seguro, mi padre habrá visto "desde arriba" el afecto que por él sentían los vecinos de su tierra (su segunda familiar), a los que siempre quiso, admiró, y respetó.*

*Nada nos hace sentirnos más orgullosos que el hecho de que ("Cholo") descanse en la misma tierra en la que nació, creció, y a la que por fin volvió para quedarse para siempre.*

*Nos sentimos también orgullosos de la representación institucional que hemos tenido del Ayuntamiento de Baiona, tanto en la figura de su Alcalde como en la de sus Concejales. Te rogamos les hagamos llegar a todos ellos nuestro más profundo agradecimiento.*

*Esperamos con humildad poder continuar la tradición de los Peralba en esta "nosa terra", y de nuevo te transmito y reitero nuestro más sincero agradecimiento por un apoyo que nunca olvidaremos, ya que con tu presencia, no sólo hemos tenido el calor del Alcalde como persona sino que además, como representante del pueblo que eres, con tu presencia, todo Baiona estuvo en el Cementerio de Sabarís esa mañana del 10 de marzo. Recibe un muy afectuoso saludo. Firmado. Joaquín Peralba."*

Creo que esto refleja un poco lo que se vivió aquel día y que la familia nos transmitió a todos nosotros como algo que realmente veían, algo que salía de la gente, de sus vecinos.

**Sometido a votación el presente punto resulta aprobado por unanimidade.**

**E por isto que o Pleno, por unanimidade, acorda:**



EXCMO. CONCELLO

DE

**B A I O N A**

(PONTEVEDRA)

**ADICAR unha Glorieta na Parroquia de Santa Cristina ó Sr.Santos Peralba, que levará o nome de “Glorieta do Xeneral do Aire Santos Peralba”.**

-----

SR.ALCALDE.- Gracias a todos los grupos políticos, a todos los concejales, por este apoyo sin fisuras a esta figura insigne del Concello de Baiona. Muchas gracias a todos.

### **3.-DACION DE CONTA DAS RESOLUCIONS DA ALCALDIA.**

Os concelleiros dispoñen da devandita relación.

### **4.- APROBACION, SE PROCEDE, DA ADXUDICACION DO CONTRATO EN REXIME DE CONCESION DE SERVIZOS DE RECOLLIDA DE ENVASES, PAPEL CARTON, EXPLOTACION DO PUNTO LIMPO E RECOLLIDA DE VERTEDOIROIS INCONTROLADOS DO CONCELLO DE BAIONA.**

O Sr. Alcalde cede a palabra ó Sr. Rodal, PP, quen procede á lectura da seguinte:

#### **PROPOSTA DA ALCALDIA**

**Primeiro.-O expediente de contratación do servizo descrito se inicia por providencia de Alcaldía de 27/11/2007.**

**Segundo.-Por acordo plenario de data 20/12/2007 aprobouse o prego de cláusulas administrativas particulares e prego de preescricións técnicas que rexen a contratación por procedemento aberto, tramitación ordinaria e baixo a forma de concurso do contrato en réxime de concesión de servizos de recollida de envases (contenedor amarelo), papel cartón (contenedor azul) e da explotación do punto limpo e recollida de vertedoiros incontrolados do Concello de Baiona.**

**Terceiro.- En cumprimento do que dispón a normativa aplicable, a apertura da licitación fíxose pública mediante a publicación do correspondente anuncio no BOP nº 13, data 18 de xaneiro de 2008 e DOG nº16, de 23 de xaneiro de 2008.**

**Cuarto.-Durante o prazo de quince días naturais indicado no TRLCAP presentáronse proposicións por parte das seguintes ofertas:**

**COREGAL  
URBASER  
FOMENTO CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS  
CESPA**

**Quinto.- En cumprimento do disposto nos pregos de condicións, a mesa de contratación calificou os documentos presentados polos licitadores no sobre correspondente. Como resultado da cualificación a mesa estimou a admisión da documentación presentada polas entidades mercantís URBASER, FOMENTO CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS, CESPA e excluíu a presentada por COREGAL ó non acreditar estar en posesión do certificado EMAS e certificado ISO 14001 como requisito de solvencia técnica esixida no prego de cláusulas administrativas particulares.**



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

**Sexta.-** A mesa de contratación calificou en acto público as ofertas económicas presentadas e previa valoración técnica ésta propuxo ó órgano de contratación a adjudicación do contrato a entidade **URBASER** ó entender que a súa oferta é a máis vantaxosa .

**Séptima.-** O órgano de contratación competente é o pleno da Corporación, dado que o importe estimado do servizo non se pode determinar a priori e previsiblemente podería superar o 10% dos recursos ordinarios consonte o disposto no artigo 21.1.ñ) da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), En vista do exposto se propón os membros da Corporación a adopción do seguinte acordo:

**PRIMEIRO.-** Adxudica-lo contrato do contrato en réxime de concesión de servizos de recollida de envases (contenedor amarelo), papel cartón (contenedor azul) e da explotación do punto limpo e recollida de vertedoiros incontrolados do Concello de Baiona a entidade mercantil **URBASER**.

**SEGUNDO.-** Requirir o empresario para que no prazo de quince días a contar dende o día seguinte ó da data de notificación desta resolución constitúa garantía por importe de 10.000 euros segundo a cláusula 15 do Prego de cláusulas administrativas. A garantía constituirase baixo calquera das formas enumeradas no artigo 36 do RD 2/2000, de 16 de xuño (TRLCAP), e advertirlle que a falta de constitución de garantía no prazo indicado, por causas que lle sexan imputables determinará a resolución do contrato, de acordo co disposto nos artigos 41 e 111.d) do TRLCAP citado.

**TERCEIRO.-** Requirir o empresario para antes da formalización do contrato suscriba un seguro de responsabilidade civil cunha cobertura de 500.000 euros para cubrir os riscos derivados deste contrato.

**CUARTO.-** Requirir o empresario para que no prazo de cinco días contados a partir do día seguinte a notificación deste acordo presente a seguinte documentación, Número de Identificación Fiscal, Alta no epígrafe correspondente do I.A.E, Certificación da Administración de Facenda e da Tesourería Municipal conforme está ó corrente nas súas obrigas fiscais e documento acreditativo de estar ó corrente nas obrigas coa Seguridade Social.

**QUINTO.-**Requirir ó adxudicatario para que no prazo de trinta días, a contar dende o día seguinte ó da data da notificación desta resolución, formalice o contrato en documento administrativo, de acordo co que dispón o artigo 54 do TRLCAP, para o que será axeitadamente convocado por este concello e advertirlle tamén que a falta de formalización do contrato por causas que lle sexan imputables constitúe unha causa de resolución contractual enumerada no artigo 111.d) do TRLCAP.

**SEXTO.-** Devolución da garantía provisional dos licitadores e demais documentación de carácter xeral agás á correspondente o adxudicatario das obras de acordo co disposto no artigo 32.5 TRLCAP

**SÉTIMO.-** Esta resolución notificarase a todos os licitadores, en cumprimento do que dispón o artigo 93 do TRLCAP.

-----  
CONTINUA.- Preténdese con este contrato de concesión mellorar o servizo de recollida de inertes e de cartón, controlar dunha maneira moito máis exhausta a xestión e explotación do punto limpo, así como unha mellor recollida dos voluminosos, inertes, podas, das nosas rúas, cunha maior xestión económica e laboral ó unifica-las empresas que estaban realizando ata agora ditos servizos e intégralas nunha soa con gran experiencia no sector.



**EXCMO. CONCELLO**

DE

**BAIONA**

(PONTEVEDRA)

As melloras para os nosos cidadáns con esta concesión serán as seguintes: campañas de sensibilización anuais, e Educación ambiental; vaciado dos contenedores de cartón tódalas semanas, ata agora facíase cada 15 días na época de inverno, e na época estival se facía unha vez á semana, agora con esta contratación vaise facer o vaciado dos contenedores azuis, de cartón, tódalas semanas. En relación ó punto limpo, mellor sinalización do mesmo, e incorporación dunha báscula industrial. Recollida de vertedoiros incontrolados no noso Municipio. Incrementábase a periodicidade da recollida de voluminosos, inertes, e podas, que antes facíase unha vez á semana e agora faráse 2 días á semana, en todo o municipio de Baiona e durante todo o ano. Mellor xestión de residuos vexetais, cunha biotrituradora para facilitar así o posterior compostaxe. Tamén mellor atención os usuarios cun servizo de 24 horas. Por todo o dito, o equipo de goberno cree que con esta concesión gañaremos tanto os veciños como o propio Concello en xestión, control, e servizo final ós usuarios.

SR.LORES, PSOE.- O grupo socialista quer pór en valor a infraestrutura que se creou en Bahiña, un punto limpo é algo importante para calquer Concello, e neste caso, para Baiona, e onde tamén a Xunta de Galicia puxo interese, empeño, e creo que prontitude, en apoiar esta infraestrutura.

Agora é ó goberno local a quen lle compete a xestión e administración desta infraestrutura para que os veciños de Baiona teñamos unha boa calidade do servizo e que se explote con eficacia.

O grupo socialista, xa no Pleno anterior, cando se aprobou o Regulamento e máis a concesión, manifestou a súa postura de delegar este tipo de decisións no equipo de goberno que é a quen corresponde tomar estas iniciativas, e nós, polo tanto, abstuvémonos naquel momento e vamos a seguir absténdonos nesta adxudicación. Pómos en valor o traballo feito polos servizos técnicos do Concello, polos funcionarios neste tempo, e simplemente esixir ó grupo de goberno unha inspección e un control riguroso sobre a concesión que se faga para que en ningún momento os veciños de Baiona nos sintamos perxudicados nos nosos servizos e que, polo contrario, sexan para mellorar a nosa calidade de vida. Moitas grazas.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Nós, cando foi a proposta do equipo de goberno de privatizar o punto limpo, votamos en contra porque creemos que cando se privatiza un servizo público, sexa o que sexa, normalmente o resultado é o de sempre: encarecemento do servizo, máis custo ó erario público, e por suposto, evitar máis labor de xestión ó equipo de goberno; e resulta que no lo poideron certificar nos últimos Orzamentos que se aprobaron fai uns días onde podemos comprobar que o punto limpo, dunha partida orzamentaria de 90.000 euros, pasa a valer agora mesmo 200.000 euros.

Nós, daquela, habíamos proposto de que xa que se lle rebaixaba traballo ó concelleiro correspondente, que se rebaixara tamén o soldo; non é xusto que si agora vai ter menos traballo pois siga cobrando o mesmo, e aínda máis cando encarece ao diñeiro de tódolos veciños nin máis nin menos que 110.000 euros.

Decía o compañeiro Rodal que ían facer unha serie de melloras entre elas comprar unha biotrituradora; eu quero recordar que a biotrituradora xa estaba mercada e estaba funcionando, non sei si será unha nova máis potente, ou non sei que tipo de artiluxio será. En todo caso creemos que isto é para comodidade do equipo de goberno, de resolver os problemas a golpe de teléfono e non de xestión, pero a estas cuestións xa non teñe ben acostumados este goberno municipal onde necesitan asesores para todo, pagando soldos importantísimos, para que os seus concelleiros podan estar máis libres durante o día, e non chega con ese tema dos asesores senón que agora están privatizando servizos que non era necesario privatiza-los, e que a final de contas ó único que se vai a beneficiar vai ser ó equipo de goberno que vai a estar máis libre de horas de traballo para a súa disposición política, seguramente.

Polo tanto nós estabamos en contra da privatización e vamos a estar en contra de que se siga privatizando adxudicandoa a unha empresa, como é neste caso, sacandoo a concurso público. O noso voto vai ser en contra.



EXCMO. CONCELLO

DE

**BAIONA**

(PONTEVEDRA)

SR.VILAR, CMÑ.- Nós estamos a favor.

SR.RODAL, PP.- Decirle ó Sr.Fernández que isto non é en sí unha privatización porque como ben sabe a privatización sempre son servizos a 10 anos ou máis anos, isto é unha concesión a 2 anos prorrogable a outros 2.

Vostede tamén decía que somos cómodos, Sr.Fernández; isto é xestión ¿cómo fala vostede de privatización si agora mesmo o que se fai é unificar?, agora mesmo unha empresa vai facer a labor que cando vostedes estaban gobernando facían 3 empresas, LEMOS, COUCEIRO e COREGAL, e aínda por encima sen contrato. O que agora se fai é unha contratación legal, onde houbo unha mesa de contratación (na que tiña que estar vostede, non sei porque non víu), sí estivo o Sr.Lores, que ahí sí que votou a favor; é todo é totalmente legal, ¿para qué?, para que nos orzamentos, obviamente, se contemple iso. Vostede fala dunhas cantidades que eu de verdade que non sei si víu os presupostos, este coste lle supón ó Concello 105.000 euros, entre 105 e 108.000 euros, unha rebaixa de 60.000 euros con respecto ó servizo que se estaba facendo, e vostede o sabe perfectamente, entón non entendo porque fala agora de privatización, obviamente vostede está na oposición e non lle interesan estes temas; o que se fixo foi unificar, e todo o que lle dixen anteriormente é certo: melloran os servizos tremendamente; si vostede leíu as bases do concurso vería tódalas melloras que hai.

Estamos orgullosos das empresas que se presentaron posto que son as mellores a nivel nacional na xestión de residuos, e despois dos informes técnicos e da Mesa de contratación gañou o concurso a empresa URBASER, á que obviamente controlaremos para esixirle que a súa xestión sexa o máis correcta posible; pero non se vai a privatizar polo momento, simplemente é unha contratación por 2 anos, e repito que o que se fai é unificar, así se poderán controlar moito mellor os servizos que non como antes cando estaban vostedes que o facían 3 empresas, máis logo CESPÁ que facía (eso sí que era unha privatización) o servizo de recollida, servizo orgánico, e que tampouco tiñan contrato daquela. Moitas grazas.

SR.LORES, PSOE.- Unha pequena aclaración ó que dí o Sr.Rodal, por si hai confusión no sentido do voto: cando eu asistín a esa Comisión era unha Comisión específica para resolución do Concurso, non era unha Informativa, nin moito menos, e alí o que sí recoñecemos, e agora tamén acabo de recoñecélo, foi o traballo e o informe dos técnicos, que nos pareceu correcto naquel momento, e polo tanto votamos a favor dese informe; outra cousa xa é a decisión política de dar ou non dar en concesión, ou de regular neste momento algo que xa se estaba dando de feito; feita esta pequena aclaración, nada máis, moitas grazas.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Eu asistín o primer día á apertura de plicas, Sr.Rodal, acórdese, non asistín á segunda porque non puđen; pero iso non significa que estiveramos dacordo con privatizar o servizo, ou non; era un concurso que supostamente estabamos en calidade de concelleiros para que as cousas se consideraran que se habían feito dunha maneira correcta, eso non quere decir que aínda que estiveramos e apoiáramos a unha empresa porque sería a gañadora legalmente que estiveramos dacordo en que se privatizara.

En segundo lugar, evidentemente CESPÁ estaba traballando aquí cando nós estabamos gobernando, había sido contratada polo señor Benigno, e naquel momento non había posibilidade ningunha de eliminar ese contrato que era carísimo, por certo; ningunha posibilidade, por iso non o fixemos.

Isto non é unha concesión, isto é unha privatización, chámelle como queira; e mire, as cifras son moi claras, e temos unha Interventora que por sorte ou por desgracia non se lle escapa unha mosca; e resulta que si vostede colle o Orzamento deste ano o punto limpo vale 200.000 euros, e si colle o Orzamento do ano pasado vale 90.000, de 90.000 a 200.000 hai 110.000 euros, Sr.Rodal, e non son moi ducho en matemáticas, podemoslo consultar ó Sr.Vilar que en iso creo que nos pode ensinar algo.





EXCMO. CONCELO

DE

**BAIONA**

(PONTEVEDRA)

En todo caso Sr.Rodal, as contas nosas non saen como as de vostede, e nós falamos con documentos que nos entregaron vostedes 3 días para vélos antes de aprobálos que foron os Orzamentos deste ano e que fai uns días foron aprobados aquí cos votos do goberno municipal soamente. Está claro: punto limpo, 200.000 euros; no anterior orzamento: punto limpo, 90.000; iso é o que vale, o resto son experimentos con gaseosa, nin máis nin menos; e nós estamos en contra de que se privaticen servizos municipais, se privatizou a auga para comodidade do concelleiro de turno, pero non para abaratar nin para prestar mellor servizo á poboación, de ningunha maneira; se nos vendeu daquela que Espina e Delfin ía facer “el oro y el moro”, e miren, Espina e Delfín está dando un servizo pero non está regalando un duro porque é unha empresa que vai a gañar diñeiro, como tódalas empresas, é unha cuestión lícita ademais.

Para nós privatizar é encarecer, non é simil de mellorar, é de encarecer o servizo ós veciños, polo tanto nós vamos a estar en contra de que se private ningún servizo público a non ser que sexa unha cousa xustificada e excepcional.

SR.VILAR, CMÑ.- Ante as declaracións do Sr.Fernández teño que intervir; con relación a este punto da privatización da auga, que me tocou estar de Alcalde daquela, quero recordarlle Sr.Fernández que cando se privatizou a auga Espina fixo unha inversión en Baiona de 200 millóns de pesetas na mellora da rede de saneamento, e non hai que esquecer que a que se levou á zona de Outeiro e Morade, a xeral, foi unha das obras que fixo Espina e Delfín, ou sexa, que practicamente se empezou a desenrolar a rede de saneamento nas Parroquias gracias á inversión que nós lle esiximos en compensación da privatización, e tampouco hai que esquecer que Espina e Delfín gañou un concurso público publicado no BOE no que competiron outras empresas e que, similar a agora, se fixo unha valoración, e se lle adxudicou á empresa que tiña as condicións máis ventaxosas; porque vostede quer dar a impresión de que aquí todo se adxudica a dedo e lle quero aclarar que non é así; podemos estar dacordo coa privatización ou non, pero aquí hai un concurso, se lle deu a esta empresa como se lle podía dar á que está en segundo lugar, nós ahí non intervimos para nada, foron os técnicos, e néles eu confío plenamente; e quero recordarlle que, en relación a Espina e Delfín, gañou o concurso, fixo unha inversión que entendemos que foi beneficiosa para Baiona, e no momento que se lle extinga a concesión o Concello será moi libre de manter municipalizado o servizo ou sacálo de novo a concurso; ademais eu entendo que todas estas actuacións que se fan no Concello de Baiona se fan con arreglo á lexislación.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Quixera facer un comentario, nada máis.

SR.ALCALDE.- Ten vostede máis turnos....., como caíra nas máns do señor Abel Caballero vostede non falaba nin 3 minutos. Fale pero sexa conciso.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Pero sen embargo o Sr.Abel Caballero mantén á Policía durante todo o Pleno, vostede non.

Sr.Vilar, eu non dixen que fora adxudicada irregularmente a Espina e Delfín, tampouco dixen que non houbera inversión naquel momento; pero é que a idea que vendeu o equipo de goberno naquel momento, pero ademais non ós veciños, senón entre os propios concelleiros, é que cada vez que había que facer algunha reforma na rede de saneamento que Espina e Delfín ía a costeála; e eu estou falando dun concelleiro que foi do seu equipo de goberno moi representativo.

SR.ALCALDE.- Non estamos falando hoxe de Espina e Delfín nin de ningún concelleiro.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Simplemente aclararlle que esa era a imaxe que estaba lanzando naquel momento o equipo de goberno de que ía ser a panacea, e as privatizacións non son ningunha panacea.

SR.ALCALDE.- A verdade é que me parece que éste é un punto importantísimo porque do que se trata, e para iso hai unha Lei de Contratos neste país, é de que se poidan facer concesións para



EXCMO. CONCELO

DE

**BAIONA**

(PONTEVEDRA)

mellora dos servizos públicos, e dende logo cun menor coste, e aínda que hai xente que non sabe ou non coñece o Orzamento e o que son os resultados económicos onde hai partidas que non chegan a final de ano, o coste real como dí o Sr.Rodal vai ser moi inferior ó que tiña este servizo que xa estaba privatizado dende o primeiro momento que se empezou a facer en Baiona porque non tiñamos camiões nin persoal e non o fixo o goberno actual senón o anterior. Agora, con transparencia, as 3 empresas máis importantes a nivel nacional de recollida de lixo se han implicado, fixeron 3 boas ofertas, e unha saíu vencedora.

Sinalar tamén que se fixo unha Mesa de Contratación onde estiveron presentes tódolos grupos políticos, co cal queda clara a transparencia; e sobre ó de que hai concelleiros que son menos traballadores e por iso se fan estas cousas, eu creo que non, non é así; de feito Baiona con este concurso que se adxudica neste momento é pioneira, pero resulta que Gondomar tamén o quer facer, en Gondomar hai uns concelleiros moi traballadores doutra opción política a que nós representamos, incluso diría máis: en Pontevedra tamén goberna outro grupo político e ten externalizada, ou privatizada, a recollida de lixo. Penso que non se trata dunha cuestión dese tipo, non é cuestión de traballo de concelleiros, senón que é de vontade, de facer as cousas con transparencia, e sobre todo de dar os mellores servizos aos veciños co menor custo posible.

-----  
**Polo Sr.Alcalde sométese a votación o presente punto, co seguinte resultado: 9 votos a favor (8,PP, 1,CMÑ), 6 abstencións (PSOE) 2 votos en contra (BNG).**  
-----

**E por isto que o Pleno, por maioría, acorda:**

**PRIMEIRO.- Adxudica-lo contrato do contrato en réxime de concesión de servizos de recollida de envases (contenedor amarelo), papel cartón (contenedor azul) e da explotación do punto limpo e recollida de vertedoiros incontrolados do Concello de Baiona a entidade mercantil URBASER.**

**SEGUNDO.- Requirir o empresario para que no prazo de quince días a contar dende o día seguinte ó da data de notificación desta resolución constitúa garantía por importe de 10.000 euros segundo a cláusula 15 do Prego de cláusulas administrativas. A garantía constituirase baixo calquera das formas enumeradas no artigo 36 do RD 2/2000, de 16 de xuño (TRLCAP), e advertirle que a falta de constitución de garantía no prazo indicado, por causas que lle sexan imputables determinará a resolución do contrato, de acordo co disposto nos artigos 41 e 111.d) do TRLCAP citado.**

**TERCEIRO.- Requirir o empresario para antes da formalización do contrato suscriba un seguro de responsabilidade civil cunha cobertura de 500.000 euros para cubrir os riscos derivados deste contrato.**

**CUARTO.- Requirir o empresario para que no prazo de cinco días contados a partir do día seguinte a notificación deste acordo presente a seguinte documentación, Número de Identificación Fiscal, Alta no epígrafe correspondente do I.A.E, Certificación da Administración de Facenda e da Tesourería Municipal conforme está ó corrente nas súas obrigas fiscais e documento acreditativo de estar ó corrente nas obrigas coa Seguridade Social.**

**QUINTO.-Requirir ó adxudicatario para que no prazo de trinta días, a contar dende o día seguinte ó da data da notificación desta resolución, formalice o contrato en documento administrativo, de acordo co que dispón o artigo 54 do TRLCAP, para o que será axeitadamente convocado por este concello e advertirle tamén que a falta de formalización do contrato por causas que lle**



EXCMO. CONCELLO

DE

**BAIONA**

(PONTEVEDRA)

sexan imputables constitúe unha causa de resolución contractual enumerada no artigo 111.d) do TRLCAP.

**SEXTO.-** Devolución da garantía provisional dos licitadores e demais documentación de carácter xeral agás á correspondente o adxudicatario das obras de acordo co disposto no artigo 32.5 TRLCAP

**SÉTIMO.-** Esta resolución notificarase a todos os licitadores, en cumprimento do que dispón o artigo 93 do TRLCAP.

### **5.-APROBACION, SE PROCEDE, DA ADHESION DO CONCELLO DE BAIONA O CONSORCIO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR.**

O Sr. Alcalde cede a palabra á Sra.Silva, PP, quen procede á lectura da seguinte:

#### **PROPOSTA DA ALCALDÍA**

Resultando que o Concello de Baiona, o beiro dun convenio asinado entre a extinta Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado, e o Concello de Baiona, realizou obras de construción dun Centro de Atención a Primeira infancia.

Resultando que o Concello de Baiona está construíndo un Centro de Día para atención as persoas da terceira idade.

Resultando que ambas instalacións constitúen equipamentos adscritos ós Servizos Sociais de atención especializada, especialmente infancia e terceira idade.

Vistas as distintas formas de xestión, directa ou indirecta, posibles financiamentos do servizos de atención a primeira infancia por parte doutras administracións, prezo público a satisfacer polos usuarios/as do servizo e en aras de garantir unha financiación regular e continua da Xunta de Galicia e non a expensas da resolucións do outorgamento de subvencións en concurrencia con outros concellos, e en base os artigos art. 57 e 87 da Lei 7/1985, do 2 de abril, 37 del Reglamento de Servicios de las Corporaciones Locales, 196 da Lei de Administración Local de Galicia, propono ós membros da Corporación:

**Primeiro.-** Aprobar a integración do Concello de Baiona no Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

**Segundo.-** Aprobar o proxecto de estatutos do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

**Terceiro.-** Facultar o Sr. Alcalde-Presidente do Concello para a execución de cantos trámites sexan pertinentes para o bo fin deste acordo e, en particular, para a subscrición dos documentos pertinentes a formalización e desenvolvemento da incorporación ó Consorcio.

**Cuarto.-** Designar como representantes deste Concello nos órganos reitores do Consorcio ó Sr. Alcalde, D. Jesús Vázquez Almuíña, e Primeiro Tenente de Alcalde, D. Manuel R. Vilar Márquez.

-----



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

CONTINUA.- Para simplificar, o que propoñemos é a firma do Convenio, é o primeiro paso para poder sentarse despois si se quer negociar conveniarnos tamén coa Gardería e o Centro de Día; isto non nos obriga a nada pero si é o primeiro paso para poder chegar a ese acordo entre a Consellería e o Concello de Baiona.

SR.LORES, PSOE.- Por parte do grupo socialista decir que xa era hora de que o Concello de Baiona se apuntase a un Clube que non fora da España Verde, ou das comidas gastronómicas; por fin apuntámonos a unha serie de iniciativas públicas e se empeza a falar de benestar e se empeza a falar dos Servizos Sociais como un dereito e non como unha beneficencia. Entendemos que o Concello de Baiona tardou un pouco en reaccionar ante este tipo de iniciativas e antes mantiña unha actitude agazapada eu creo que máis por un interés concreto, por unha falta ao mellor de liberdade, á hora de que os propios partidos as veces poñen algún tipo de atrancos para que os seus Alcaldes se sumen ás políticas do novo Goberno da Xunta, políticas máis sociais e máis progresistas.

Vamos a estar a favor desta adhesión porque significa dar un xiro importante na filosofía das políticas sociais locais e tamén porque é posible e moito máis operativo, e vai a dar, ós veciños de Baiona, unha mellor calidade nos servizos, que o final é o que nos preocupa ó grupo socialista, de que pouco a pouco os servizos, sobre todo de tipo social, se vaian asimilando como un dereito e non como unha beneficencia, que isto é algo que nós entendemos que é importante, que non é o mesmo ir a pedir un servizo para cubrir unha necesidade e ir a robála que ir a esixila porque xa hai unhas normas, xa hai un goberno, xa hai unhas leis, que garantizan un mínimo de calidade de vida e un mínimo de benestar. Polo tanto nós vamos a estar totalmente a favor desta adhesión, moitas grazas.

SRA.RODRIGUEZ, BNG.- Dende o BNG nos congratulamos de que por fin o equipo de goberno traia esta moción, xa fai 1 ou 2 Plenos Manolo Vilar xa dera uns primeiros pistoletazos e xa nos imaxinabamos que en calquera destes Plenos ía vir esta adhesión do Concello de Baiona ó Consorcio. Na Informativa xa dixeran, e non vou a meterme a fondo, que as técnicas, tanto a Secretaría como a Interventora, as súas razóns terán para facer o informe que fixeron, lóxicamente, pero estamos totalmente en contra dese informe, pero é que non o entendemos por unha razón, acaba de decir a concelleira cando fixo a presentación de que a adhesión ó Consorcio é un primeiro paso e non obriga a nada, absolutamente a nada, en principio, despois, si o Concello quer meterse máis a fondo xa na Gardería, no Centro de Día e demáis, sería outra cousa, pero en principio non ten ningunha obriga; entón non entendemos ese informe.

Decir que hai xa máis de 200 Concellos adheridos de toda Galiza, 230 creo, e non todos os informes de Intervención e Secretaría son negativos á adhesión, algúns son positivos, digo isto porque o outro día na Informativa deuse a entender que todos eran en contra da adhesión dos Concellos.

Hai unha cousa moi curiosa, o outro día falando cun Alcalde dun Concello limítrofe ó noso, que é do PP, me decía "realmente temos que entrar porque o partido en si nos está decindo que non, que non nos adherimos ó Consorcio, pero eu chamei a outros Alcaldes do meu partido, do PP, e me dixeran que si tiña orzamento para mantér todo iso, lóxicamente dixerlle que non, e dixo: pois mira, pasa do partido e adhirete ó Consorcio que a Xunta vai a soltar pasta, que doutra forma pouco nos vai a soltar en subvencións"; nos alegramos de que tamén o Concello de Baiona se quera adherir ó Consorcio de Benestar.

SR.VILAR, CMÑ.- Por suposto que nos vamos a adherir a ese Consorcio pero quero decirlle que non houbo ningunha imposición por parte da dirección do PP ó goberno municipal para non adherirse, senón tódolo contrario, dende a nosa responsabilidade de goberno (e o Alcalde en iso é un experto) analizamos o tema económico con "pelos y señales" das ventaxas e dos inconvintes que ten iso; lóxicamente estar ó amparo da Administración autonómica nos parece positivo; sabemos que esa será unha batalla que terá que librar o Sr.Quintana co Sr.Touriño para que lle den máis cartos porque o final isto se está engordando de tal xeito que non van a ter máis remedio que pór pasta sobre a mesa, e a mellor forma é que a poña a Administración, iso é lóxico, iso é defender os intereses municipais.



EXCMO. CONCELLO

DE

**B A I O N A**

(PONTEVEDRA)

Non obstante, tamén sabemos, despois dunha serie de reunións que tivemos co Sr.Lois Castrillo, que a gardería de Baiona está nunha situación estratéxica, que pode ser emblemática dentro do que é Galicia, e espero que eles cumpran e se volquen con todo o que dixeron. Agora nos parece moi ben que exista unha galaescola, que se potencie xa o galego dende a primeira infancia, iso sempre é positivo, que nadie o dude, nos gustaría que o éxito da potenciación do galego fora tamén nas outras etapas educativas, penso que isto tamén debería estar moi ligado á Consellería de Educación, pero bueno, a realidade é a que é: aquí hai un bipartito e cada ún ten que defender sua parcela; e nós temos que tratar de beneficiarnos desa loita que hai na Xunta; eu non sei ata que punto van a durar porque como sigan así, nunca se sabe.

Nós estamos a favor deste asunto, creemos que poden ser proxectos importantes para Baiona, que por certo, este Concello é pioneiro en materia de colaboración coa Xunta:, Centro de Día, Gardería, vivendas de protección autonómica, que casi nadie llas ofrece; esperemos que esa compensación que temos coa Xunta sirva noutros ámbitos de colaboración coas nosas propostas: que non se paralice o Plan Xeral, que se colabore co esforzo que está facendo este goberno municipal, porque ó fin e ó cabo eu sei que vostede Sr.Fernández que ten moita influencia dentro do BNG que nos bote unha mán a este goberno que tan fiel é con vostede; nada máis, gracias.

SRA.SILVA, PP.- Decir que nos informes técnicos non nos vamos a meter, as suas razóns terán, e creame Sra.Rodríguez, que as teñen. E moi triste que vivindo nunha democracia como vivimos, sexa, como vostede comentou: “ou firmamos o Consorcio ou as subvencións non se sabe si virán”. Vamos a adherirnos a élo, e a Xunta, como dixo meu compañeiro, saberá o que ten que facer, meter fondos e facerse cargo, e que Deus nos colla confesados a todos os galegos.

SR.LORES, PSOE.- Si teñen tantas dúbidas en pertencer ó Consorcio, case mellor que non o fagan. Comentar simplemente unha anécdota que surxiu neste Pleno, o Sr.Vilar dí que non recibíu ningunha instrucción do partido, eu non sabía que Coalición Miñorana tiña algo máis alá que o de aquí de Baiona co PP, ou é que xa é unha filial ou está a punto de sélo.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Collo o testigo, Sr.Alcalde, polas alusións directas do Sr.Vilar; de tódolos xeitos é certo o que dí o compañeiro Lores, si teñen tanto medo eu non sei que vai ser mellor. Sra.Silva, o de “confesados” a mín non, a min non me confesa ninguén, llo podo asegurar.

Sr.Vilar, decía vostede que a Gardería está nun sitio estratéxico, pois mire que tardou anos en darse conta porque vostede non quería facéla ahí, nunca quixo; ó final caeu da burra e reconece que está nun lugar estratéxico, vaia por Deus. En todo caso a mín chamoume a atención cando falaba dun bipartito, eu non sei moi ben si estaba falando do bipartito da Xunta ou do bipartito de Baiona; cando dixo que o bipartito era para beneficio dos veciños o tiven claro: estaba falando da Xunta, está clarísimo.

Sr.Alcalde, eu collín o testigo polas alusións que me facía o portavoz de CMÑ, nada máis, porque senón a miña compañeira está sobradamente preparada para facer ela de portavoz. En todo caso decir que nos alegra profundamente o cambio de rumbo que fixo o goberno local e nos parece ben porque este cambio vai a redundar beneficiosamente nos veciños; non é o mesmo que os custos da gardería os asuman o Concello e os usuarios a que os asuma a Xunta, o Concello e os usuarios; e así tamén co Centro de Día e outros máis servizos que poidera haber.

Despois da última intervención do goberno local, si a estratexia de vostedes é sumarse tódolos Concellos do PP en Galiza para arruinar o Orzamento da Xunta, alá vostedes, fáganlo; porque a idea que eu collín e a de “vamos a adherirnos todos porque así non lles chegan os cartos e a ver que fan”, iso foi o que dixo a concelleira; en todo caso, eu quero vélo dende outro punto de vista de que vai ser un servizo social que se vai a dedicar a toda a vecindade de Baiona, que o van a necesitar, non só a Gardería senón o Centro de Día, xa que moitos veciños e veciñas de Baiona están presos nas suas vivendas porque teñen que estar constantemente, as 24 horas, atendendo a familiares queridos aos que teñen nas suas casas, e este Centro de Día sen dúbida vai a posibilitar que a conciliación familiar sexa moito máis profunda e o benestar de tódolos veciños aumente. Polo tanto



EXCMO. CONCELLO

DE

**BAIONA**

(PONTEVEDRA)

para nós esta é unha iniciativa de Vicepresidencia excepcional e que creemos debera de darse a tódolos veciños e veciñas de toda Galiza. Nada máis.

SR.ALCALDE.- Por rematar quixera decir que a diferenza do bipartito da Xunta, o grupo de goberno de Baiona representa ó grupo máis votado, cousa que non ocorre no bipartito da Xunta; e vai a seguir defendendo os intereses dos veciños por encima de todo; e pode ser curioso pero de tódolos Alcaldes cos que falei da provincia de Pontevedra, e algúns dos nosos veciños, Nigrán e Gondomar, por certo, nadie sabía o coste que ía a ter unha Gardería, e sorprendidos porque houbo xente que firmou todo sen saber absolutamente nada de números, e nós esiximos os números e se están analizando, e se van a tomar as decisións conforme sexa o que os veciños de Baiona precisen, independentemente de que o xerente do Consorcio, Sr.Lois Pérez Castrillo, persoa correctísima, sexa do BNG ou como si fora de Esquerda Unida, nos dá exactamente igual, nós vamos a valorar; pero somos dos únicos Concellos e se sorprenderon en Vicepresidencia de que lle pediramos os números.

Tamén quero decir que como se dixo que o goberno progresista da Xunta de Galicia é quen está facendo todo isto, teño que decir que o CIM en Baiona se concedeu co anterior goberno, que a Gardería municipal se concedeu co anterior goberno, que o primer Centro de Día concedido e que logo non pudo realizarse na zona na que ía a realizarse, foi o goberno anterior; e o que sí está claro é que Baiona vai ter a gardería máis grande dos 3 Concellos do Val Miñor, incluído tamén Oia, e vai ter o primer Centro de Día para persoas dependentes do Val Miñor; iso é por iniciativa, fundamentalmente, do equipo de goberno, e que evidentemente despois se respostou.

E por quitarlle ferro ó asunto creo que non debería utilizar a Sra.Rodríguez conversacións privadas porque non está a outra persoa, e voulle a decir a anécdota que pasou no Parlamento Español que un parlamentario dixo de outro (que sí estaba presente) que qué se ía pensar dun parlamentario que tiña un calzoncillo de lunares, e contestoulle o referido que qué indiscreta era a súa muller. Vostede non dixo que o Sr.Leandro Rodríguez ten calzoncillos de lunares, iso non o dixo, pero evidentemente os datos son do Sr.Leandro Rodríguez porque dí vostede que é do PP e está nun Concello limítrofe, soamente faltou que dixera que é baixiño e que fuma, pero creo que non é un razoamento político, aquí estamos dando razoamentos políticos en defensa dos veciños e evidentemente o Concello de Baiona, o grupo de goberno, se vai adherir a calquer cousa que beneficie ós veciños, non que beneficie a ningún partido nin a ningunha tendencia, e para iso nos van a encontrar, e de feito o domingo pasado solicitei en conversa distendida coa Directora Xeral de Deportes que o Pavillón de Baiona se quedaba pequeno, que a ver si Baiona tamén era beneficiada con algún recinto deportivo da Dirección Xeral; por certo que naquela conversa estaba Xosé Enrique presente, estabas ó lado, estabas na silla de atrás.

-----  
**Polo Sr.Alcalde sométese a votación o presente punto, resultando aprobado por unanimidade.**

**E por isto que o Pleno, por unanimidade, acorda:**

**Primeiro.- Aprobar a integración do Concello de Baiona no Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.**

**Segundo.- Aprobar o proxecto de estatutos do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.**

**Terceiro.- Facultar o Sr. Alcalde-Presidente do Concello para a execución de cantos trámites sexan pertinentes para o bo fin deste acordo e, en particular, para a subscripción dos documentos pertinentes a formalización e desenvolvemento da incorporación ó Consorcio.**



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

**Cuarto.-** Designar como representantes deste Concello nos órganos reitores do Consorcio ó Sr. Alcalde, D. Jesús Vázquez Almuíña, e Primeiro Tenente de Alcalde, D. Manuel R. Vilar Márquez.

## **6.-MOCIONS. URXENCIA.**

### **6.1.-MOCION DE URXENCIA DO PSOE.**

**SR.LORES.-** A Urxencia ven dada á raíz dos acontecementos que surdiron neste Pleno polos vendedores concesionarios dos postos do Mercado; estamos vindo na prensa que ahí hai un problema e dá a impresión de que o problema vai a máis.

**SR.ALCALDE.-** Sr.Lores, primeiro a Urxencia do que vostede quer propór, porque podería incluílo no punto de Rogos e Preguntas.

**SR.LORES, PSOE.-** O chegar ó punto de que os vendedores se presentan no Pleno creo que é urxente que por parte do goberno municipal se adopten as dúas cousas que nós queremos presentar: 1º.- Atender os problemas inmediatos, e 2º.- Instar ó goberno a que se estudie unha solución definitiva sobre a viabilidade do actual Mercado de Abastos. Por isto decimos que é urxente. porque se segue pasando o tempo sen ningún tipo de iniciativa isto pode traer consecuencias nada desexables por ningún grupo desta Corporación.

-----  
**Sometida a Urxencia polo Sr.Alcalde, resulta: votos a favor, 8 (6,PSOE, 2,BNG), fronte a 9 votos en contra (8,PP, 1,CMÑ), polo cal fica desestimada a Urxencia.**

### **6.2.-MOCION DE URXENCIA DO BNG.**

**SRA.RODRIGUEZ.-** Queremos presentar a seguinte Moción:

O GRUPO MUNICIPAL DO BNG PRESENTA O PLENO DO CONCELLO DE BAIONA A SEGUINTE MOCION DE URXENCIA SOBRE A ADICATORIA DUNHA ROTONDA DA PARROQUIA DE SANTA CRISTINA SITA NA AVENIDA DE SABARIS CO CRUCE DO CAMIÑO REAL, AOS IRMANS LUIS LOPEZ LUIS E JOSE LOPEZ LUIS, COÑECIDOS COMO "OS INESES".

-----  
**SR.ALCALDE.-** Explique a Urxencia. Ten que explicar o motivo da urxencia. Me parece unha falta de respecto ata as persoas que aquí nomea vostede que algo que debe ser, como foi o caso anterior, onde se levou a unha Comisión Informativa onde se discutíu, que traían isto vía Urxencia. Me parece unha falta de respecto a estas 2 persoas, a nadie máis, porque creo que o queren vostedes é o enfrentamento, non queren outra cousa. Non se entende unha Moción de urxencia sobre isto, de verdade que non se entende.

**SRA.RODRIGUEZ.-** Non ten nada que ver ésta coa outra; nós, a outra Moción, aprobámola; é máis, suscribímola; sempre se leeron estas mocións e agora nós presentamos unha Moción urxente.

**O GRUPO MUNICIPAL DO BNG PRESENTA O PLENO DO CONCELLO DE BAIONA A SEGUINTE MOCION DE URXENCIA SOBRE A ADICATORIA DUNHA ROTONDA DA PARROQUIA DE SANTA CRISTINA SITA NA AVENIDA DE SABARIS CO CRUCE DO CAMIÑO REAL, AOS IRMANS LUIS LOPEZ LUIS E JOSE LOPEZ LUIS, COÑECIDOS COMO "OS INESES".**



EXCMO. CONCELLO  
DE  
**BAIONA**  
(PONTEVEDRA)

Un dos episodios máis sangrentos da guerra de 1936 foi o que aconteceu unha mañancilla do 16 de outubro de 1936 na coñecida como Enseada da Bombardeira, no quilómetro 58 da estrada Pontevedra-Camposancos, e dende o trágico suceso coñecida popularmente como “A Volta Dos Nove”, one nove persoas foron vexadas, humilladas e asasinadas impunemente.

Vinganza era o que buscaban os asasinados naquela triste madrugada. O desencadeante do asasinato foi a persecución de dous dirixentes da sociedade obreira de oficios varios de Sabarís: Luís López Luís e José López Luís. Irmáns, fillos de Inés Luís Mosquera e de Luis López Martínez. Pola nai eran coñecidos como *Os de Inés ou Os Ineses*. Tiñan unha pequena explotación agraria mesmo fronte aos espléndidos petroglifos de Outeiro dos Lameiros.

Os dous irmáns, Luis de 46 anos e José de 41, estiveran en América e regresaran con ideas progresistas e ecoloxistas. Eran vexetarianos e un deles impartía clases de esperanto aos labregos. O maior de ideoloxía socialista, o máis novo, anarquista. Ao triunfar o golpe militar agocháronse en varios lugares ata que decidiron esconderse na casa dun señor maior e cego, Ventura Pérez, coidado por Dolores Samuelle Alvarez, coñecida como Perfecta. As pescudas dos falanxistas, inspiradas polo tristemente coñecido Cabo Pena, comandante do posto da Garda Civil de Baiona, tiveron éxito e as sospeitas de que alí estaban Os Ineses fóronse confirmando porque Perfecta levaba moito pan e o xornal que non podía ser para ela que non sabía ler nin para o cego.

O cabo Pena e o falanxista Refojos entraron na casa e toparon os dous irmáns. Un deles disparou e feriu a Refojos que morreu dous días despois.

A Pepe matárono nunha viña preto da casa de Ventura e a Luis contra a tapia do camposanto de Sabarís. Os falanxistas mataron tamén a señora Perfecta, de 71 anos, e para humillala enterrárona entre os dous irmáns nunha foxa do cemiterio civil.

O grupo municipal do BNG solicita a aprobación polo Pleno da Corporación de Baiona da seguinte MOCION:

- Adicar a rotonda ou glorieta da parroquia de Sta.Cristina sita no cruce da Avenida de Sabaris co camiño Real aos irmáns López Luís, pasando a denominarse *Rotonda dos Ineses* ou *Glorieta dos Ineses* en recoñecemento a estes dous irmáns fillos de Sabarís e como dicía o “Faro de Vigo” do 15 de outubro de 1936: “Coñecidísimos nesta comarca pola significación extremista e desempeñando un deles o cargo de tenente de alcalde de Baiona”.

CONTINUA.- A urxencia da Moción, ben o pensamos, é que xa que a unha gran persoa de Sabarís como foi o Xeneral Santos Peralba se lle adica unha rotonda, que estamos totalmente dacordo, pois pensamos que a estes dous irmáns que foron unhas grandes persoas tamén naquela época en Sabarís, pensamos que tamén hai que adicarlle outra rotonda de Sabarís.

SR.ALCALDE.- Fíxese ben, o señor Santos Peralba morreu fai menos de 1 mes, e non se aplicou a urxencia para nada; unhas persoas que morren fai 72 anos, a urxencia dende logo parece unha falta de respecto a estas dúas persoas, ás cales non coñecemos, pero dende logo parece unha falta de respecto ata elas.

-----  
**Sometida a Urxencia polo Sr.Alcalde, resulta: votos a favor, 2,BNG, producíndose 15 abstencións (8,PP, 1,CMÑ, 6,PSOE).**  
-----





EXCMO. CONCELLO

DE

**BAIONA**

(PONTEVEDRA)

SR.ALCALDE.- Creo que hai mecanismos, o demostramos ó longo de todo este tempo, para poder facélo, sen que isto parezca un titular de prensa, como parece que algunhas persoas que viñeron hoxe ó Pleno querían, un titular de prensa, e nesta Moción desgraciadamente creo que buscaban un titular de prensa; triste, triste ante unhas persoas que merecen o máximo respecto.

## **7.-ROGOS E PREGUNTAS.**

### **- PREGUNTAS DO BNG (presentadas xa no derradeiro Pleno).**

**1º.- ¿Cántos postos houbo este ano na Festa da Arribada?. ¿Cántos se pecharon na noite do sábado?. ¿Porqué?.**

SR.ALCALDE.- 220, aproximadamente. Se retiraron 18 o sábado por incumprimento das normas do Mercado e se notificou individualmente a cada ún deles cales foron os problemas que se detectaron, pero foi antes reiterados incumprimentos do Regulamento do mercado.

**2º.- ¿Cánto se recaudou cos postos?. ¿Cál foi o orzamento?.**

SR.ALCALDE.- Cos postos se recadaron uns 18.000 euros. O orzamento falta por pechar porque aínda faltan por recibir e saber as subvencións que nos chegan.

**3º.- ¿Qué medidas teñen pensado tomar contra as pingueiras que seguen caíndo dentro do Pavillón?. Pingueiras, ou diluvios, según se vexa e según caiga.**

SR.ALCALDE.- Está facendo unha revisión a empresa que fixo a obra posto que hai unha garantía de 2 anos, dende logo diminuíu enormemente o problema, hai algún punto todavía que están eles revisando a ver como poden arranxalo.

---

### **- PREGUNTAS DO PSOE.-**

**1º.- ¿Cando foron notificados os vendedores de peixe, concesionarios da Praza de Abastos de que debían abandonar os postos para acometer as obras de impermeabilización?.**

SR.ALCALDE.- Contestaremos no próximo Pleno.

**2º.-¿Qué prazo se lles deu?.**

SR.ALCALDE.- Contestaremos no próximo Pleno.

**3º.-¿A qué acordos chegaron con eles sobre a súa situación durante a duración das obras?.**

SR.ALCALDE.- Contestaremos no próximo Pleno.

**4º.-¿Considera o goberno apropiadas as bancadas nas que están instalados?.**

SR.ALCALDE.- Contestaremos no próximo Pleno.

**5º.-¿Non foi posible instalalos en outras condicións?.**



**EXCMO. CONCELLO**

DE

**BAIONA**

(PONTEVEDRA)

SR.ALCALDE.- Contestaremos no próximo Pleno.

**6º.-¿Camdo comezaron as obras?.**

SR.ALCALDE.- Contestaremos no próximo Pleno.

**7º.-¿Cánto van a durar?.**

SR.ALCALDE.- Contestaremos no próximo Pleno.

**8º.-¿Quen leva o control sobre elas?.**

SR.ALCALDE.- Contestaremos no próximo Pleno.

**9º.-¿Considerase a marcha das mesmas normal ou máis ben lenta?.**

SR.ALCALDE.- Contestaremos no próximo Pleno.

**10º.-¿Van a repercutir en algo para mellorar a situación dos vendedores?.**

SR.ALCALDE.- Contestaremos no próximo Pleno.

**11º.-¿Estánse tomando medidas para controlar a venda ambulante de peixe prohibida na ordenanza municipal?.**

SR.ALCALDE.- Contestaremos no próximo Pleno.

**12º.-¿Cales?.**

SR.ALCALDE.- Contestaremos no próximo Pleno.

**13º.-¿Existen expedientes abertos? ¿cántos?.**

SR.ALCALDE.- Contestaremos no próximo Pleno.

**14º.- En caso da existencia de expedientes. ¿Cómo se resolveron?.**

SR.ALCALDE.- Contestaremos no próximo Pleno.

**15º.-¿Pensa o goberno mater a Praza de Abastos na situación actual?.**

SR.ALCALDE.- Contestaremos no próximo Pleno.

**16º.-¿Vaise a tomar algunha medida para melloralala?.**

SR.ALCALDE.- Contestaremos no próximo Pleno.

**17º.- Se nos paramos a observar, vemos que os visitantes e excursionistas que veñen a Baiona, ó ser porto de mar, entran na Praza de Abastos a ver o peixe cando pasan por ela, polo tanto ¿parécelle ó goberno que dá unha boa imaxe, sendo este un Concello mariñeiro e de Excelencia Turística?.**



EXCMO. CONCELLO

DE

**B A I O N A**

(PONTEVEDRA)

SR.ALCALDE.- Contestaremos no próximo Pleno. Quero decir, porque igual se pensan que tomamos esto como algo simpático, e non é así; o tema é que as preguntas si realmente a oposición quere que se contesten no Pleno deben ser presentadas con 24 ou 48 horas de antelación, simplemente pedimos iso, ¿porqué?, porque hai datos que non temos e non podemos inventálos. Si a oposición quer de verdade que lle contestemos neste Pleno e non no seguinte o que ten que facer é traballar un pouquiño máis e facélo antes.

---

### **- PREGUNTAS DO BNG.**

#### **SRA.RODRIGUEZ:**

**1º.- ¿Sabe o Sr.Alcalde que o paso de peons que estaba enfrente da rúa Elduayen está para despistar ós conductores e ás persoas que queren cruzar a estrada por estar mal borrado?, o que se pintou para facer as obras.**

SR.ALCALDE.- Non se borran os pasos de peons; se pintan en todo caso; o veremos.

**2º.- ¿De quen é competencia pintálo ben de cór negro para borrálo?.**

SR.ALCALDE.- A competencia desa carretera é da COPTOPT, foi unha obra de Espina e Delfín para Augas de Galicia, e a Consellería de Política Territorial é a que ten a obriga de vixiar o pintado.

**3º.- Na parte superior da Virxe da Rocha había unha serie de árbores de dimensións considerables, ¿quen mandou találos?.**

SR.VILAR, CMÑ.- Eses árbores eran uns eucaliptos que habían crecido ahí e que estaban prexudicando a unha vivenda porque practicamente lindaban con ela, houbo que találos porque o propietario de dita vivenda viu aquí a dar as queixas polo perigo que iso supoña. Por suposto que se fixeron xestións cunha empresa que se comprometeu a találos, levou a madeira, e o custo foi 0 para o Concello. Creo que foi correctísima a actuación.

SR.ALCALDE.- Seguimos a normativa de Medio Rural, saberá vostede que arredor de vivendas non pode haber ese tipo de árbores.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Regaláronlle os eucaliptos á empresa.

SRA.INTERVENTORA.- Se les adjudicó el trabajo y en compensación ellos vendieron la madera, nos ingresaron el importe de la venta de la madera; descontaron el trabajo de retirada y tala de los arboles y nos ingresaron la diferencia.

SR.ALCALDE.- Por certo Sr.Fernández, as facturas da recollida de algas estamos pagandoas nós aínda.

**4º.- Traballadores do Concello estaban limpando esa parcela ¿quen os mandou?. Según temos entendido esa parcela aínda non é do Concello de Baiona porque o Plan Parcial non está rematado, non está recibido por parte do Concello; a madeira dos árbores ¿foi regalada ou vendida?. Si foi vendida ¿en qué partida están eses cartos e a cómo ascendeu?.**

SR.ALCALDE.- Contestaremos no próximo Pleno, para que non haxa problemas.



EXCMO. CONCELLO

DE

**B A I O N A**

(PONTEVEDRA)

**5º.- Si foi regalada, ¿a quen?.**

**6º.- ¿Porqué as vallas do perímetro da futura Gardería están tumbadas e o Concello non manda levantálas?.**

SR.ALCALDE.- Non están tumbadas.

**7º.- ¿Qué medidas se levan tomado cos vendedores ambulantes ilegais neste Concello?.**

SR.ALCALDE.- Por deferencia ó grupo socialista contestaremos no próximo Pleno.

**8º.- ¿Teñen identificados a algún destes vendedores?.**

**9º.- ¿Ten chegado a algún acordo consensuado o goberno municipal cos vendedores da Praza de Abastos?.**

SR.ALCALDE.- Contestaremos, conxuntamente coas preguntas do partido socialista, no próximo Pleno.

**10º.- ¿Cándo pensan colocar as portas prometidas na Praza de Abastos para que poida ser máis agradable tanto a venta como a compra dos produtos alí ofertados e non ter que pasar frío polas correntes de aire que alí se xeneran?.**

SR.ALCALDE.- Non sei a que se refire con eso de “prometidas”, pero algo haberá que facer dende dentro da Praza para que se mellore a venta; creo que dende dentro tamén se poden facer cousas.

**11º.- ¿E certo que o goberno municipal está preparando unha Feira de Abril en Baiona?.**

SR.ALCALDE.- Contestaremos no próximo Pleno.

**12º.- Xa me contestou a concelleira, xa me dixo que sí. ¿Onde se vai a celebrar?.**

SR.ALCALDE.- Será vostede próximamente informada con tódolos detalles e a ver si pode asistir. Si damos agora a información ós medios, que xa non nos poñen moito, entón non nos van a pór nada, preferimos esperar a presentála.

**13º.- ¿Cál é a data da Festa?.**

SR.ALCALDE.- A Feria de Abril. Os invitaremos á roda de prensa e á festa en sí.

**14º.- ¿En que vai a consistir?.**

**15º.- ¿Cándo vai ser a roda de prensa?.**

SR.ALCALDE.- Creo que debes falar coa concelleira, te dará todos os datos. Penso que o punto de Rogos e Preguntas do Pleno non é para isto.

-----  
E non habendo máis asuntos a tratar, polo Sr.Alcalde-Presidente levantouse a sesión, sendo as trece horas e trinta minutos do mesmo día, de todo-lo cal, como Secretaria, CERTIFICO.